



CRITERIOS ORGANIZATIVOS E RECOMENDACIÓNS SOBRE O GOCE DE VACACIÓNS E DÍAS DE LIBRE DISPOSICIÓN NA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE – 2025

As vacacións e os días de libre disposición do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde están reguladas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e na Orde conxunta do 1 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se ordena a publicación do Acordo de concertación social suscrito pola administración sanitaria e as centrais sindicais CC.OO., CIG, CESM-SATSE, CSI-CSIF e UGT sobre retribucións e condicións de traballo do persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario do Servizo Galego de Saúde.

De igual xeito, a normativa básica específica, o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, dedica o seu artigo 53 ás vacacións anuais, ao sinalar que o persoal terá dereito a unha vacación anual retribuída, cuxa duración non será inferior a 30 días naturais, ou ao tempo que proporcionalmente corresponda en función do tempo de servizos.

Polo que fai referencia á normativa autonómica anteriormente citada, no que respecta á duración das vacacións, a Lei 2/2015 establece, no seu artigo 132, que o persoal funcionario ten dereito, por ano completo de servizos, a vacacións retribuídas de como mínimo, vinte e dous días hábiles anuais ou dos días que correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivos.

Pola súa banda, o Acordo de concertación social establecía que a duración das vacacións será dun mes natural, cando a prestación de servizos abarque os doce meses dentro do ano natural.

Noutra orde de cousas, o Acordo de concertación social establecía o dereito a días de permiso retribuído por asuntos propios.

Nesta materia, a Lei 2/2015 estableceu que o persoal funcionario ten dereito a permisos por asuntos particulares, sen necesidade de xustificación, coa duración prevista na lexislación básica do Estado (actualmente seis días).

No que se refire ao procedemento de solicitude de días de libre disposición, a Dirección Xeral de Recursos Humanos emitiu Instrucións en data 28 de xaneiro de 2022.



Finalmente, as disposicións adicionais decimo segunda e decimo terceira da Lei 2/2015, regulan os permisos por asuntos particulares por antigüidade e as vacacións adicionais por antigüidade.

Tendo en conta o anterior, e coa finalidade de conciliar a planificación dos descansos de todos os profesionais da Área Sanitaria da Coruña e Cee coa cobertura das necesidades asistenciais, tendo en conta as circunstancias que concorren, no relativo á dispoñibilidade de profesionais de determinadas categorías e á variabilidade conxuntural da demanda asistencial, artículanse os seguintes criterios:

1. Criterios Xerais de goce das vacacións:

Polo seu carácter irrenunciable, as vacacións gozaranse dentro do ano natural, non podendo acumularse a outro período distinto, nin compensarse economicamente, agás nos supostos de profesionais con vínculos eventuais, que polas circunstancias da súa vinculación, non puideran gozar as vacacións regulamentariamente establecidas.

Exceptuaranse do previsto no parágrafo anterior, os supostos de permiso de maternidade/paternidade, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo, que impidan o inicio do goce das vacacións dentro do ano natural ao que correspondan, ou que sobreveñan unha vez iniciado o período de vacacións, en cuxo caso poderanse gozar con posterioridade a aquel no que se devengaron, de xeito inmediato ao remate da situación que o impediu, e sempre que non tivesen transcorrido máis de 18 meses a partir do remate do ano natural no que se tivesen orixinado, consonte ao establecido na normativa vixente.

2. Períodos e condicións de goce das vacacións

O goce das vacacións poderá realizarse nalgún dos seguintes períodos e condicións:

Período ordinario: Con carácter xeral, o período ordinario de vacacións comprende o abranguido entre os meses de xuño e setembro, ambos os dous incluídos.

Como criterio xeral, no período ordinario, as vacacións gozaranse de xeito ininterrompido, por meses naturais. Tamén poderán fraccionarse en períodos, sempre que correspondan a quincenas naturais, do 1 ao 15 do mes ou ben do 16 ao último día do mes.





Durante o período ordinario, terá preferencia o goce das vacacións sobre os días de libre disposición. Os días de libre disposición e libre disposición adicionais non poderán acumularse cos períodos de vacacións.

Como regra xeral, no período ordinario, as vacacións adicionais non deberían acumularse cos períodos de vacacións, agás naqueles supostos nos que quede garantida a plena capacidade funcional e a súa concesión non impida a normal confección dos calendarios de substitución.

Período non ordinario: Fóra do período ordinario o goce das vacacións poderá solicitarse por mes, quincenas ou semanas naturais.

Entenderase por mes natural o período que transcorre entre o día primeiro e o último día do mes, ou períodos de trinta días naturais de data a data. O goce por quincenas naturais abranguerá dende o 1 ao 15 do mes ou do 16 ao último día do mes. Asemade poderanse gozar quincenas naturais en períodos de quince días computados de data á data. Enténdese por semanas naturais os períodos non inferiores a sete días naturais contados de data a data. O goce por semanas abranguerá un máximo de catro períodos.

De cara á confección dos calendarios correspondentes, recoméndase que o goce das vacacións teña lugar antes do 16 de decembro.

3. Organización das quendas de vacacións en períodos ordinarios

As quendas de vacacións distribuiranse, de acordo co criterio de rotación para os meses do período ordinario, de conformidade cos acordos adoptados polo persoal de cada unha das unidades ou servizos, sempre que se manteña a plena capacidade funcional delas.

Como norma xeral, e para os efectos de garantir que o persoal contratado para a cobertura das ausencias poida contar co apoio suficiente do persoal con experiencia, así como a dispoñibilidade de aspirantes en listas de selección temporal, enténdese que a plena capacidade funcional garántese coa permanencia de, polo menos, o 66% do persoal da categoría e quenda, servizo ou unidade de atención hospitalaria, agrupación PAC ou servizo/unidade de atención primaria, con experiencia nos mesmos, sen prexuízo de que poida estudarse a viabilidade dunha proposta de calendario realizada por un servizo/unidade cun menor grao de permanencia.





De conformidade co mesmo criterio, os centros de saúde unipersoais deberán planificar as vacacións dentro do servizo de atención primaria ao que pertencen, de modo que non se ausente do servizo no mesmo período, como norma xeral, máis do 33%, segundo indica o parágrafo anterior.

As quendas de goce distribuiranse entre o persoal, atendendo ao criterio equitativo rotatorio e distributivo na saída entre todo o período (ordinario ou non ordinario), e os acordos acadados co persoal da unidade ou servizo respectivo, de ser o caso, sempre e cando se garanta a plena capacidade funcional da unidade ou servizo a que se refire o primeiro parágrafo deste punto.

No caso de non acadarse acordo, a orde de prioridade que servirá para establecer as quendas no servizo/unidade establecerase mediante sorteo, dentro de cada categoría profesional.

3.1. Conciliación familiar:

No caso de existir conciliacións nas unidades/servizos, aplicaranse os seguintes criterios:

- Recoñécese o dereito á elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes.
- Recoñécese a preferencia na elección de mulleres e homes con fillos/as menores de doce anos ou persoas maiores dependentes ao seu coidado directo, tendo prioridade as persoas que reúnan a condición de persoa proxenitora de familia numerosa dentro deste grupo. A dependencia e a preferencia acreditaranse con:
 - Certificado de empadramento que acredite a convivencia familiar, ou
 - Documento oficial que acredite a necesidade de asistencia familiar: certificado médico ou informe de saúde, certificado expedido pola Consellería competente en materia de política social ou, non seu defecto, informe dos servizos sociais comunitarios municipais

A preferencia a favor destes/as traballadores/as terase en conta coa elección do sistema elixido no servizo/unidade, que será por meses naturais ou quincenas naturais no período ordinario. No caso de que só se pida unha quincena neste concepto, o resto gozarse fóra do período ordinario.





4. Prazos e solicitudes de vacacións

O prazo para a presentación de solicitudes de vacacións abranguerá desde a data de publicación dos presentes criterios ata o 30 de abril de 2025.

Os/as responsables das unidades remitirán unha proposta de calendario á Dirección correspondente, antes do 15 de maio de 2025, facendo mención expresa dos/as profesionais da unidade que solicitan o goce en períodos distintos ao ordinario.

Recibidas en prazo as propostas de calendario remitidas polas unidades, poderanse rexeitar aquelas que non garantan a capacidade funcional do servizo ou unidade ou que incumpran a normativa vixente, procedendo á elaboración dun novo calendario, no prazo de 5 días desde a devolución do anterior, e nos termos establecidos no apartado 3.8 do Acordo de concertación social sobre retribucións e condicións de traballo do persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario do Servizo Galego de Saúde.

5. Permisos en Período de Nadal

Coa finalidade de conciliar a previsión da contratación eventual para reforzar os servizos e unidades, por mor do goce dos permisos por vacacións, asuntos persoais, vacacións adicionais e asuntos persoais adicionais, e garantir o dereito á asistencia sanitaria da cidadanía, o goce dos citados permisos entre o 16 de decembro e o 31 de xaneiro autorizarase de conformidade cos seguintes criterios:

- As solicitudes para o goce dos permisos de libre disposición, libre disposición adicional e vacacións adicionais deberán presentarse antes do 21 de novembro. Calquera solicitude presentada con posterioridade a estes prazos será inadmitida.
- As solicitudes así presentadas deberán ser autorizadas ou denegadas como data límite o 30 de novembro.

O goce de vacacións e permisos de libre disposición, libre disposición adicional e vacacións adicionais organizarase de tal xeito que non concorran máis do 33% do persoal no mesmo servizo/unidade, nos termos establecidos no punto 3.





No caso de que concorresen máis solicitudes das ausencias permitidas consonte aos presentes criterios, sen que fose posible o consenso, na concesión das mesmas estableceranse criterios de rotación e proporcionalidade entre o persoal das unidades/servizos. Unha vez aplicados os criterios sinalados, de persistir unha concorrencia superior á das ausencias permitidas, realizarase un sorteo entre todos/as os/as profesionais interesados/as.

Disposición derradeira

No non previsto nestes criterios organizativos será de aplicación o Acordo de concertación social sobre retribucións e condicións de traballo do persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario do Servizo Galego de Saúde, así como nos artigos 118 e 132 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Asinado dixitalmente na Coruña,

Luis Verde Remeseiro

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

